


Servizos de atención ás persoas maiores no Concello de Vigo

Programas e Servizos Municipais

Outubro, 2026

Continuando coas publicacións que MODEPEN adica ao mundo das persoas maiores, presentamos nesta ocasión unha revista centrada nos servizos que o Concello de Vigo, a través do su departamento de Benestar Social, oferta actualmente ás persoas da terceira idade empadroadas nel, utilizando os seus propios recursos ou xestionando os proporcionados pola Xunta de Galicia.

Teñamos en conta que os servizos sociais son un compoñente esencial da cohesión social e, por tanto, deben ser unha parte integral da vida cotiá na cidade, máxime cando un de cada catro dos seus habitantes ten 65 ou máis anos.

Nas seguintes páxinas afondaremos nos principais servizos e programas que se levan a cabo en Vigo e que afectan ás persoas maiores:

- **Servizo de Axuda Domiciliaria (SAD)**, tamén coñecido en Galicia como SAF (Servizo de Axuda no Fogar), é un recurso sociosanitario público deseñado para que as persoas maiores dependentes poidan seguir vivindo na súa propia casa o maior tempo posible.

Para acceder a el, hai dúas vías:

a) A través da Lei de Dependencia: Tras unha valoración previa da Xunta, que otorga un Grao de Dependencia, asígnanse unhas horas de servicio mensuais.

b) A vía municipal ou de libre concurrencia: En situacións de vulnerabilidade social, emerxencia puntual ou se non se conta aínda co Grao de Dependencia oficial. Esta vía, na práctica, non funciona pois os recursos son moi limitados e as listas de agarda son moi extensas.

- **Xantar na casa**, servizo que ofrece un menú semanal no domicilio a persoas dependentes, maiores de 65 anos con problemas de mobilidade, ou en situación de exclusión social.
- **Coidadores/as de barrio**, servizo de acompañamento e información dirixido principalmente a persoas maiores ou en situación de vulnerabilidade, prestado por voluntariado, en determinados barrios da cidade.
- **Servizo de teleasistencia,** que atende emerxencias, vía telefónica, das persoas maiores ou con discapacidade que vivas soas.
- **Programas de avellentamento activo**, con talleres e actividades dirixidas ás persoas maiores.

Además, o Concello mantén convenios con distintas entidades sociais para atender aspectos como a soidade non desexada ou a persoas con diversos tipos de discapacidade.



A lei 13/2008, de 3 de decembro, de Servizos Sociais de Galicia define aos servizos sociais como o conxunto coordinado de prestacións, programas e equipamentos destinados a garantir a igualdade de oportunidades no acceso á calidade de vida e á participación social de toda a poboación galega.

Esta mesma lei establece a estrutura dos servizos sociais diferenciando dous niveis de atención:

a) Os *servizos sociais comunitarios*: Son os que prestan os propios Concellos, sendo un dereito para toda a poboación residente nos mesmos.

b) Os *servizos sociais especializados*: Son os que se adican a un sector ou a unha necesidade determinada da poboación e que demandan unha maior especialidade técnica. A competencia neste ámbito a ten a comunidade autónoma (Xunta de Galicia).

Os servizos sociais comunitarios no Concello de Vigo constitúen a "porta de entrada" para toda a cidadanía ao sistema de servizos sociais. No Concello de Vigo a atención atópase descentralizada existindo diferentes oficinas repartidas pola cidade coa finalidade de que a atención sexa más próxima. Nelas, o persoal encárgase de informar, asesorar e orientar ás persoas en función das necesidades vitais que presenten, elaborando diagnósticos e plans de intervención individuais adaptados.

Neste momento, en Vigo, existen cinco Centros Municipais de Servizos Sociais, onde prestan atención directa 25 Traballadoras Sociais:

CMSS Concello

UTS: Sur

Praza do Rei, nº 2.

Teléfono: 986 810 288

Fax: 986 222 533

e-mail: ofi.bensocial@vigo.org

CMSS Princesa

UTS: Casco Vello, O Castro, Centro, Areal e Independencia.

Praza da Princesa, nº 7, baixo

Teléfono: 986 438 492

Fax: 986 433 194

e-mail: ofi.cascovello@vigo.org

CMSS Coia

UTS: Castrelos, Coia, Litoral, Balaídos-Comesaña e Industria.

Rúa Quintela, nº. 31, baixo.

Teléfono: 986 298 118

Fax: 986 244 672

e-mail: ofi.coia@vigo.org

CMSS Rivera Atienza
UTS: Cabral-Candeán, Calvario, Lavadores e Rivera Atienza.
Avenida E. Martínez Garrido, nº. 21, interior.
Teléfonos: 986 280 301 e 986 264 216
Fax: 986 274 772
e-mail: ofi.mgarrido@vigo.org

CMSS Teis
UTS: Teis e Travesía.
Rúa Doutor Corbal, nº. 21, baixo.
Teléfono: 986 273 606
Fax: 986 251 599
e-mail: ofi.teis@vigo.org

Dentro deste sistema, o Concello presta diferentes servizos orientados á atención, prevención e mellora da calidade de vida das persoas maiores residentes na cidade. A pesares de que o trámite de acceso o realiza a persoa solicitante mediante rexistro da solicitude e documentación acreditativa, requírese dunha valoración social, que é realizada polas persoas traballadoras sociais que se atopan nestas oficinas. Estas persoas tamén son as encargadas de orientar e informar da documentación a presentar.

A pesares da existencia destes servizos e do carácter universal dos mesmos, cómpre sinalar tamén certas **deficiencias do sistema**:

En primeiro lugar, as tardanzas tanto na tramitación como na adxudicación xa que, en moitos servizos, pode supor un tempo de agarda prolongado. O motivo principal deste retraso é a escaseza de persoal profesional.

Por outra banda, cabe tamén reclamar que, a pesares de que é o organismo público o que tramita e xestiona o servizo, toda a oferta existente préstase a través de subcontratas con empresas privadas (axuda domiciliaria, xantar na casa...), con contratos normalmente de concurso público. Polo que o persoal que presta o servizo depende de empresas privadas que, aínda que non se dubida do ánimo que teñan por mellorar a calidade de vida das persoas, sempre van ter un interese económico detrás.

E por último, cabe salientar tamén que no Concello de Vigo a axuda domiciliaria municipal (*de libre concurrencia*) non se fai efectiva na realidade, a pesares de que é unha obriga legal contar con ela, razón pola que existe un procedemento regulado con solicitude. Debido á alta demanda que supón a axuda domiciliaria a través da vía da dependencia, todas as horas dispoñibles adícanse a este programa, resultando nunha lista de agarda que non se move nin un ápice nos últimos anos. Isto ten como consecuencia que non se poida prestar o servizo, por exemplo, en caso de prevención en situación de risco, a perfís fóra da lei de dependencia.

Servizos Municipais

- *Servizo de Axuda a Domicilio (SAD)*
- *Coidadores/as de barrio*
- *Servizo de Teleasistencia*

SERVIZO MUNICIPAL DE AXUDA A DOMICILIO

O SAD é unha prestación básica dos Servizos Sociais Comunitarios que presta un conxunto de atencións a persoas ou unidades de convivencia no propio domicilio, para facilitar o seu desenvolvemento e a permanencia no seu medio habitual.

A prestación deste servizo ten carácter de reforzo e non substitúe ás propias capacidades da persoa usuaria e doutras persoas do seu contorno inmediato nin exime, en ningún caso, á familia das súas responsabilidades.

Obxectivos:

a) Mellorar a calidade de vida das persoas usuarias.

b) Posibilitar a permanencia das persoas no seu contorno de convivencia habitual.

c) Favorecer e potenciar a autonomía persoal no propio domicilio.

d) Manter, mellorar e recuperar as redes de relación familiar e social.

e) Previr situacións de dependencia ou exclusión social.

f) Retardar ou evitar a institucionalización.

g) Reforzar a solidariedade e potenciar o voluntariado social

.

Prestacións que se ofrecen dende o Servizo de Axuda a Domicilio:

1. Atencións de carácter persoal na realización das actividades básicas da vida diaria (coidados persoais, alimentación, etc.)

2. Atención das necesidades de carácter doméstico e da vivenda.

3. Acompañamentos fóra do domicilio (citas e xestións).

A quen está dirixido?

Poderán ser beneficiarias do SAD as seguintes persoas:

a) Familias ou persoas que presenten disfuncións susceptibles de mellora cunha atención no fogar.

b) Persoas maiores, con certo nivel de dependencia, que non teñan a ninguén que as atenda suficientemente e que, con esta axuda, poidan continuar vivindo no seu fogar.

c) Persoas con discapacidade ás que a axuda no fogar lles poida favorecer na súa autonomía.

Requisitos para o acceso:

a) Estar empadroadas no Concello de Vigo.

b) Contar, a solicitante, cun domicilio que reúna as mínimas condicións de habitabilidade, valorándose o estado e equipación da vivenda, os recursos dispoñibles no seu contorno e o acceso aos mesmos.

c) Abonar, ao Concello, a cota establecida na Ordenanza Fiscal Reguladora nº 21, na forma indicada na mesma.

d) Ter solicitado na Xunta de Galicia o recoñecemento da situación de dependencia.

(Terán prioridade as persoas que teñan recoñecida a situación de dependencia e figuren de alta no Programa de Asignación de Recursos PAR-SAF).

Como facelo?

Presentando a súa solicitude e demáis documentación requerida e solicitando cita coa Traballadora Social:

- Por vía electrónica.

- Por vía presencial no Rexistro Xeral do Concello ou por calquera dos medios previstos na Lei 39/2015 (LPACAP).

Documentación requirida:

- Impreso de Solicitude para o SAD (pódese descargar na páxina da Sede Electrónica do Concello de Vigo)

Normativa municipal:

- Ordenanza Nº 21: Ordenanza Fiscal Reguladora das Taxas por prestación do Servizo de Axuda no Fogar.

- Regulamento do servicio de Axuda no Fogar.

(Pódense descargar na páxina da Sede Electrónica do Concello de Vigo).

(O SAD pode complementarse con servizos de apoio específico, como podoloxía, perruquería, terapia ocupacional, psicoloxía...)

(O SAD tamén pode solicitarse no Centro de Saúde que lle corresponda, utilizando a vía da dependencia).

(En 2025, segundo datos do Concello, prestáronse perto de 605 mil horas. Dende xaneiro de 2026, o servizo está subcontratado co Grupo Probiser S.L.).



SERVIZO MUNICIPAL DE COIDADORES/AS DE BARRIO

Servizo que presta o Concello de Vigo coa finalidade de mellorar a calidade de vida das persoas en situación de vulnerabilidade por distintas razóns (enfermidade, mobilidade, saúde mental, etc.); en especial das persoas maiores con dificultades para realizar de forma autónoma as súas actividades na rúa, facilitándolles a integración no seu contorno, evitando o risco de exclusión social e as situacións de reclusión involuntaria na propia vivenda.

Finánciase con cargo aos orzamentos do Concello, sendo totalmente gratuíto para as persoas usuarias do mesmo.

O horario de prestación dos servizos dos coidadores/as de barrio será, durante todo ano, de luns a venres, de 9:30 a 14:30 horas e de 15 a 20 horas.

O programa ten unha doble finalidade: Por unha parte prestar un servizo á cidadanía máis vulnerable; por outra, é unha oportunidade para incorporar ao mercado laboral a persoas en situación de risco de exclusión social, converténdoas en axentes activos e útiles.

A quen está dirixido?

Poderán ser beneficiarias as personas empadroadas en Vigo, en situación de risco de vulnerabilidade, en especial as persoas maiores que teñan dificultades, físicas ou psíquicas, para levar a cabo por sí mesmas algunha das súas actividades cotiás fóra da casa.

Que intervencións desenvolve?

Acompañamento ás persoas usuarias para facer recados (ir ao médico/a, á farmacia, a comprar, pasear, pequenas xestións administrativas, facer actividades lúdicas...), e comunicar ao Concello incidencias no espazo público que lles poidan afectar (pavimento en mal estado, problemas de limpeza, de alumbrado, etc.)

Requisitos para o acceso:

a) Persoas empadroadas no Concello de Vigo.

b) Presentar a correspondente solicitude.

c) Informe de valoración profesional acreditativo da idoneidade do recurso.

d) Aceptación voluntaria do servizo por parte da persoa usuaria ou do/a representante legal.

Como facelo?

As solicitudes para Coidadoras/es de barrio presentaranse no modelo oficial que pode descargarse na páxina web do Concello. Estarán asinadas pola persoa solicitante. Poden presentarse por Internet ou presencialmente, acompañadas dunha copia do DNI da solicitante.

Prazos:

As solicitudes poderán presentarse ao longo de todo o ano.

(Segundo datos municipais, en 2025 fixeron uso deste servizo 404 persoas, a gran maioría mulleres e maiores de 75 anos).



Coidadores/as de Barrio
(Fundación ERGUETE)

En 2025 había 29 persoas desenvolvendo este labor nos barrios de Teis, Casco Vello, Traviesas, O Calvario e Bouzas.

SERVIZO DE TELEASISTENCIA

O servizo de teleasistencia domiciliaria é unha prestación social de natureza tecnolóxica que, a través dunha liña telefónica e cun equipo de comunicacións e informático específico, permite ás persoas usuarias poñerse en contacto cun centro de atención de chamadas que conta con persoal especializado para dar resposta ás súas necesidades de forma ininterrompida as 24 horas do día e os 365 días do ano.

O servizo municipal xustifícase na necesidade de facilitar unha atención domiciliaria a determinados colectivos especialmente vulnerables como o das persoas maiores, con discapacidades, dificultades de autonomía persoal, carencia de relacións persoais e familiares ou afectados por enfermidades crónicas e outras patoloxías asociadas, sempre que non estean incluídas no sistema de atención á dependencia.

Trátase dun servizo social de carácter normalizador co que se procura a permanencia das persoas usuarias no seu medio habitual evitando internamentos innecesarios en centros e coa tranquilidade de que en calquera situación de risco ou emerxencia serán atendidas con dilixencia.

A quen está dirixido?

Poderán ser beneficiarias as persoas maiores de 65 anos ou con discapacidade que estean empadroadas en Vigo, se atopen en situación de risco psicosocial ou físico, vivan soas, total ou parcialmente (nos termos que se establecen no seu Regulamento), e non teñan recoñecemento da situación de dependencia, nin a titular do servizo nin a beneficiaria.

Como solicitalo?

- Por Internet: Enviando a solicitude e documentación requirida ao Rexistro Xeral do Concello a través da carpeta cidadá.

- Presencialmente: presentando a súa solicitude e demais documentación requirida no Rexistro Xeral do Concello ou por calquera dos medios previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015 (LPACAP).

Documentación requirida:

Documentación a presentar polas persoas da unidade familiar, se non autorizan ao Concello de Vigo para obter doutros organismos públicos e privados a información necesaria para tramitar a solicitude:

- Fotocopia do DNI, NIE ou pasaporte en vigor da solicitante e da beneficiaria no seu caso.

- Certificación ou Declaración do IRPF do último exercicio ou, de ser o caso, certificado negativo do IRPF da solicitante e da beneficiaria.

- Certificado de prestacións públicas da solicitante e da beneficiaria.

Normativa municipal:

Regulamento do servizo municipal de teleasistencia domiciliaria do Concello de Vigo.

Programas

- ***Programa "Xantar na Casa"***
- ***Programa de Avellentamento Activo***

PROGRAMA “XANTAR NA CASA”

O programa Xantar na Casa é un servizo de comida a domicilio que pretende facilitar e garantir unha alimentación equilibrada e de calidade, adaptada ás necesidades das persoas, para cubrir as súas necesidades básicas relacionadas coa compra ou elaboración de menús.

O seu obxectivo principal é mellorar o nivel de benestar e calidade de vida de persoas maiores e/ou dependentes e tamén das súas familias, manténdoas no seu contorno comunitario e atrasando ou evitando a institucionalización.

O programa pode, en ocasións, complementar ao Servizo de Axuda no Fogar (SAF) que presta o Concello, para manter ao máximo a capacidade de independencia e autonomía das persoas coa permanencia nos seus propios fogares.

Está subvencionado pola Xunta de Galicia e xestionado polo Concello de Vigo.

A quen está dirixido?

Poderán ser beneficiarios do “Xantar na Casa” as persoas empadroadas no Concello de Vigo e que cumpran os seguintes requisitos:

1. Persoas maiores de 60 anos que teñan limitada a súa capacidade de autonomía persoal e sen rede de apoio que puidera suplir tal situación.

2. Persoas dependentes, que carezan de apoio familiar, e que requiren de axuda para a preparación de alimentos.

3. Persoas menores de 60 anos e maiores de 18 en situación de exclusión social, tecnicamente avaliada polos servizos sociais do Concello e sempre que se estea intervindo desde outro programa para resolver a súa situación de exclusión.

Como funciona?

As persoas beneficiarias do programa reciben no seu domicilio, de cada vez, sete bandexas diferentes co xantar para cada día da semana.

Cada menú inclúe primeiro prato, segundo prato e sobremesa. Son completos e equilibrados, variados e adaptables ás necesidades das persoas usuarias, aos seus gustos e hábitos así como á gastronomía local e á época do ano.

A persoa beneficiaria recibe unha guía práctica para a preparación dos alimentos e outra coas prácticas correctas de hixiene e manipulación dos alimentos.

Pagamento:

O prezo de cada menú diario será o establecido nas bases do programa (2 €/día, 60 € mensuais).

As persoas beneficiarias aboarán directamente á empresa contratista, por adiantado, o importe de cada mensualidade nos dez primeiros días de cada mes.

A empresa adxudicataria emitirá factura mensual para cada beneficiaria do servizo pola cantidade correspondente.

Como solicitalo?

Pedir cita coa Traballadora Social:

- Por Internet: Enviando a solicitude e documentación requirida ao Rexistro Xeral do Concello a través da carpeta cidadá.

- Presencialmente: presentando a súa solicitude e demáis documentación requirida no Rexistro Xeral do Concello ou por calquera dos medios previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015 (LPACAP). A persoa encargada de realizar os trámites necesarios será o Traballador/a Social do Concello.

Documentación requirida:

- Impreso de solicitude do programa “Xantar na Casa”.

- Informe da saúde (Imprescindible cubrir o tipo de dieta recomendada).

- Domiciliación bancaria (Asinada polo interesado/a e a entidade bancaria).

Documentación a presentar polas persoas da unidade familiar, se non autorizan ao Concello de Vigo para obter doutras organismos públicos e privados a información necesaria para tramitar a solicitude:

- Fotocopia do DNI, NIE ou pasaporte en vigor da solicitante e da beneficiaria no seu caso

- Certificado de recoñecemento do grao de discapacidade

- Certificación ou Declaración do IRPF do último exercicio ou, de ser o caso, certificado negativo do IRPF da solicitante e da beneficiaria.

- Certificado de prestacións públicas da solicitante e da beneficiaria.

Lexislación relacionada:

- Bases do programa Xantar na Casa (pódense descargar na páxina da Sede Electrónica do Concello).

(A empresa que elabora os menús é *Culinaria,* que dende Silleda distribúe comida a máis de 2500 persoas de 180 concellos galegos).

(En 2025, segundo datos municipais, 325 persoas foron usuarias deste servizo: 190 mulleres e 135 homes)



PROGRAMA DE AVELLENTAMENTO ACTIVO

Para axudar ás persoas maiores a envellecer activamente o Departamento de Política de Benestar Social realiza diversos talleres e actividades:

Percorridos culturais a pé pola cidade de Vigo: "Coñece Vigo".

A actividade consiste nas realización de diferentes roteiros a pé, agradables e adaptados tanto en duración coma en dificultade aos diferentes niveis e circunstancias persoais, para descubrir a pegada deixada por Xulio Verne, Mata Hari ou a emigración, así coma lugares arquitectónicos e históricos de interese.

- Dous días á semana en grupos de 10 a 20 persoas máximo.
- Horarios: 11 a 13 horas. De 17 a 19 horas.
- Inscricións: As persoas interesadas poderán formalizar a inscrición directamente a través do teléfono de información municipal 010.

Proxecto Formación en Competencias Dixitais para persoas maiores de 65 anos.

Cursos para formar a persoas maiores de 65 anos, no uso das novas tecnoloxías, co obxectivo de que poidan realizar xestións administrativas e cotiás básicas, de forma autónoma, así como comunicarse e relacionarse coas súas familias, amizades e outras persoas con intereses afíns.

Nestes cursos empregaranse teléfonos móviles ou *smartphones*, e terase unha primeira toma de contacto cun ordenador. Será unha aprendizaxe 100% práctica e adaptada a cada unha das persoas que asistan.

- Requisitos: Curso gratuíto, para persoas maiores de 65 anos empadroadas en Vigo.
- Lugares de impartición: Centro Cívico de Teis, Centro Cívico de Coruxo, Centro Cívico de Bouzas, Centro Cívico Casco Vello / Centro de Formación de Rúa Alta.
- Ao longo de todo o ano: Duración aprox. 3 meses.
- Grupos: Primeiro grupo: luns e mércores. Segundo grupo: martes e xoves.
- Horario: 17:15 a 20:30 h. (Ver cartel informativo da actividade).
- Inscrición: As persoas interesadas poderán formalizar a inscrición a través do teléfono de información municipal 010, ou directamente en cada un dos centros cívicos municipais nos que desexen recibila (Bouzas, Casco Vello, Coruxo, Teis).

Proxecto "Viaxa e Coñece".

O Proxecto ten como obxectivo coñecer o patrimonio histórico, cultural e paisaxístico da Eurorexión Galicia – Norte de Portugal.

Para levar a cabo este Proxecto o Concello porá a disposición dos colectivos o servizo dun autobús.

Información sobre o calendario das viaxes e inscripcións, no teléfono de información municipal 010 ou en www.vigo.org.

Proxecto "Viaxes en barco pola Ría de Vigo".

Consiste nun servizo de rutas marítimas guiadas que pretende o coñecemento do noso entorno a través da realización de paseos en barco pola Ría de Vigo, contribuindo a promover unha vida saudable, a prevención da dependenza e reducir a soidade non desexada.

Serán gratuitas para maiores de 65 anos, que poderán ir acompañadas da súa parella ou persoa de apoio (se é necesario), menor de 65 anos. As prazas para as viaxes asignaranse por orde de chegada das solicitudes, segundo os turnos libres no momento da solicitude.

Información sobre o calendario das viaxes e inscripcións, no teléfono de información municipal 010.

Proxecto "Bailes en Vigo".

Ten por finalidade incrementar a oferta existente de alternativas de lecer e tempo libre nas fins de semana para as persoas maiores, que favorezan aínda máis a súa socialización e, ao mesmo tempo, o coñecemento da nosa contorna mediante a realización de bailes sociais nas diferentes entidades e asociacións de todas as parroquias de Vigo.

Obradoiros para persoas maiores.

Ao longo do ano convócanse varios obradoiros co obxectivo da prevención da dependencia. Como poden variar dun ano para outro, para coñecer a oferta actual cómpre chamar ao Concello ou visitar a súa páxina web.





MODEPEN

Movemento Galego pola Defensa das Pensións e os Servizos Públicos



MODEPEN está integrado no colectivo **Unidad de Acción Pensionista**: